



Concello de Mugardos
(A Coruña)



Fondo Europeo Agrícola de
Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural

ANUNCIO

PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DO PERSOAL DA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE MUGARDOS 2026 (ao abeiro do Convenio interadministrativo subscrito entre a Consellería de Medio Rural e a Entidade Local, Concello de Mugardos, para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2025-2026, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Plan estratéxico da política Agraria Común (PEPAC) 2023-2027).

Pola presente dáse publicidade ao Decreto de alcaldía 2026-0741 de data 30/06/2026 declarando deserto o presente proceso selectivo:

“ Visto o expediente que se tramita para a contratación laboral temporal do persoal da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Mugardos 2026 (ao abeiro do Convenio interadministrativo subscrito entre a Consellería de Medio Rural e a Entidade Local, Concello de Mugardos, para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2025-2026, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Plan estratéxico da política Agraria Común (PEPAC) 2023-2027), mediante o sistema de concurso-oposición libre, sendo a convocatoria publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 112, de data 11.06.2024.

Publicada a convocatoria e bases do proceso selectivo para a contratación laboral temporal do persoal da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Mugardos 2026 no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP) núm. 113, de data 17 de xuño de 2026. Rematado o prazo de solicitudes (do 18 de xuño ao 25 de xuño de 2026, ambos inclusive) e visto o Informe de Rexistro de Entrada do Concello de Mugardos de data 29/06/2026 das solicitudes presentadas no que se indica que non se presentaron solicitudes para o posto de xefe de brigada, tendo en conta a Cláusula oitava do convenio mencionado, na que se indica que cada brigada deberá estar composta por: 1 xefe/a de brigada, unha persoa coa categoría de peón condutor e dous ou tres persoas coa categoría peón de brigada, no suposto de non poder cubrir os postos sinalados non se podería constituír a brigada.

Pola presente RESOLVO:

Primeiro.- Declarar deserta a convocatoria efectuada para a contratación laboral temporal do persoal da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Mugardos 2026, ante a imposibilidade de por en marcha a brigada segundo establece o Convenio interadministrativo subscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Mugardos para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2025 – 2026. dado que ningún aspirante á praza de xefe de brigada presentouse á convocatoria.

Segundo- Proceder á publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e de xeito complementario na páxina web municipal e no portal de transparencia .

Avda. de Galicia, 45. Tfnos.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4





Concello de Mugardos
(A Coruña)



Fondo Europeo Agrícola de
Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural

Terceiro.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno e á Xunta de Goberno Local na primeira sesión ordinaria que realicen.

Cuarto.- Dar traslado da presente Resolución xunto coa documentación complementaria que así sexa requirida á Consellería de Medio Rural.“

Mugardos, asinado dixitalmente polo alcalde á data da sinatura dixital á marxe

